

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vistas as Bases de Execución do orzamento do presente ano aprobado polo Pleno da Corporación do día 13 de maio de 2022, no que se aproba destinar unha subvención de 8.000€ a cargo da partida 33000/4802005 (incluída no apartado VII da Base 45ª das bases de execución do orzamento municipal) destinada o Convenio de colaboración coa Asociación de Alfombristas do Corpus Chirsti de Ponteareas co CIF G94163144

Vista a documentación achegada pola asociación que se incorporou ao expediente 4541/2022, os estatutos da entidade, orzamento de gastos e e memoria de actividades da asociación e comprobado, segundo os certificados incluídos no expediente, que non ten débedas coa Facenda Local, coa Seguridade Social, coa Facenda Autonómica e coa Axencia Tributaria e co Concello de Ponteareas.

Visto o informe emitido polo asesor xurídico municipal número 2022-0116, do 2 de setembro de 2022

Visto convenio de colaboración de data 26 de setembro de 2022 que establece os termos da colaboración entre ambas partes.

Visto o informe de Intervención favorable asinado pola viceinterventora de data 20 de setembro

Visto documento de RC, asinado pola viceinterventora municipal, con data 10 de outubro de 2022, no que se recolle a partida orzamentaria con referencia 33000/4802005, por importe de 5000 euros para financiar o gasto que comporta a subvención.

Visto informe do departamento de Cultura de data 3 de outubro de 2022, asinado pola responsable do seguimento do presente Convenio, dona Sofía Rodríguez Suárez

Visto o informe de fiscalización de conformidade, asinado pola viceinterventora Municipal, con data 11 de outubro de 2022

O Concelleiro delegado facenda do Concello de Ponteareas (Pontevedra), de conformidade coas atribucións que me outorga a normativa vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Conceder unha subvención por importe de 5.000 euros á Asociación de Alfombristas do Corpus Chirsti de Ponteareas co CIF G94163144



SEGUNDO.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente pola referida contía de CINCO MIL EUROS (5.000 euros) con imputación á aplicación orzamentaria 2022/0/33000/4802002/01

TERCEIRO: Ordenar o pago da contía deste convenio, é dicir, 5.000 euros.

CUARTO:-Dar traslado desta subvención a Base de Datos Nacional de Subvencións e publicarse no portal de transparencia do Concello de Ponteareas.

QUINTO.- Dar traslado desta resolución á interesada e aos departamentos de Intervención e Tesourería municipais para os efectos do seu cumprimento.

Ponteareas, documento dixital.
O Concelleiro Delegado de Facenda
Francisco Floreal Alonso Pedreira
(Decreto de alcaldía nº 2021-1369 de 02.06.2021)

